

Estimadas familias:

Queremos ante todo desexar que todos esteades ben, e que, a pesar deste periodo tan complexo e diferente por causa da alarma sanitaria polo coronavirus, poiderades disfrutar deste verán que xa está chegando ó seu fin.

De seguida dará comezo o novo curso escolar e, para intentar afrontalo coa maior normalidade posible, tendo en conta sempre toda a normativa e recomendacións hixiénico-sanitarias actuais así como as que poidan ir saíndo, desde a ANPA estamos a intentar ofrecer tódolos servizos posibles que axuden a conciliación familiar así como ó entretemento dos rapaces.

Na procura de que sexa así, nestes días irémosvos facilitando información e solicitando nos respondades a algunha enquisa para saber as vosas previsións de cara o curso escolar 2021-2022.

En primeiro lugar, xunto con esta carta enviámosvos:

- **Enlace formulario WEB:** para que, os que teñades interés en facervos socios da ANPA, nos facilades os vosos datos para poder facer uso, e mantervos informados, de todo aquilo xestionado pola ANPA (servicio comedor, actividades extraescolares....).

<https://forms.gle/2ebMoNn5girqBLhK9>

- **Comedor Escolar:** adxuntamos información sobre o servizo de comedor: o periodo de inscrición comeza este **martes 10 de agosto ata ó 30 de agosto**, polo que sería importante nos vaiades enviando canto antes para poder ter os vosos datos actualizados e así podervos informar de todo o que vaia acontecendo.

Tendo en conta as medidas hixiénico-sanitarias que se van a implementar no comedor, a capacidade do comedor vaise ver reducida de maneira considerable, polo que este ano non é segura a obtención de praza de comedor. É por iso que se estableceron uns criterios de acceso que figuran na información adxunta. En todo caso, para intentar dar cabida á maior cantidade de nenos posible, valorarase a posibilidade de organizar varios turnos. Darémosvos máis detalles cando estea todo confirmado (xa que dependemos de coñecer o número de inscricións e da coordinación do centro educativo, Jardanay e a ANPA, tendo sempre en conta a normativa).

- **Madrugadores:** este ano ábrese de novo a opción de poder inscribir ós rapaces neste servizo, se ben non se pode garantir que se vaia poder prestar ata que non se coñeza o número de inscricións.

Inicialmente, as condicións deste servizo serían: de 07:30 a 09:00 horas, con dúas modalidades:

- Con almorzo: entrada desde ás 07:30h. ata ás 08:15h.
- Sen almorzo: entrada desde ás 08:15h. ata ás 08:45h.

O periodo de inscrición tamén comeza o día 10 de agosto.

Recordade que, como tódolos anos, todas as familias que queiran facer uso do **comedor, madrugadores** ou participar nas **actividades extraescolares** deben ser **socias da ANPA**, polo que deberán enviar o formulario indicado.

Para poder resolver calquera dúbida que vos poida xurdir, poñemos a vosa disposición o correo electrónico da ANPA (anpa.sardinheira@gmail.com) e o teléfono móbil para a comunicación a través de whatsapp ([693 39 93 25](https://wa.me/693399325)).

Recibide un afectuoso saúdo.

En A Coruña, a 8 de Agosto de 2021

ANPA SARDIÑEIRA
DE LA ESCUELA INFANTIL Y
EDUCACIÓN PRIMARIA JOSE CORNIDE